

# ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA  
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 26 xaneiro 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

---

## PAISAXE BARROCA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

**Jonathan Cohen**, director e clave



# PROGRAMA

## I

### ANTONIO VIVALDI (1678-1741)

Concerto para cordas en Sol menor, RV 156

*Allegro*

*Adagio*

*Allegro*

### JOHANN SEBASTIAN BACH (1685-1750)

A arte da fuga, BWV 1080

*Contrapunctus I*

### GEORGE FRIDERIC HÄNDEL (1685-1759)

Concerto grosso en la menor nº 4, op. 6

*Larghetto affettuoso - Allegro*

*Allegro*

*Largo e piano*

*Allegro*

### JOHANN SEBASTIAN BACH (1685-1750)

A arte da fuga, BWV 1080

*Contrapunctus VII*

### PIETRO LOCATELLI (1659-1764)

Concerto grosso en Mi b maior, op. 7, nº 6 "Il Pianto D'Arianna"

*Andante*

*Allegro*

*Adagio*

*Andante*

*Allegro*

*Largo*

*Largo andante*

*Grave*

## II

### FRANCESCO GEMINIANI (1687-1762)

Concerto grosso en re menor, H. 143 "La Folia"

### FRANZ JOSEPH HAYDN (1732-1809)

Sinfonía nº 6 en Re maior "Le matin"

*Adagio - Allegro*

*Adagio - Andante - Adagio*

*Menuet*

*Allegro*

---

Duración aproximada do concerto: 100 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

## TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

### Director e clave

Jonathan Cohen

### VIOLÍNS I

Jorge Jiménez  
(concertino  
convidado)  
Adriana Winkler \*\*  
Anca Smeu  
Anna Alexandrova  
Yulia  
Petrushevskaya  
Michal Ryczel

### VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Kiyoko Ohashi \*\*  
Samira Ajkic  
Irina Gruia

### VIOLAS

Natalia Madison \*  
Timur Sadykov \*\*  
Anne  
Schlossmacher  
Oxana Bakulina

### VIOLONCELLOS

Barbara Switalska \*  
Thomas Piel \*\*  
Manuel Lorenzo

### CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*

### FRAUTA

Laurent Blaiteau \*

### ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

### FAGOT

Juan Carlos Otero \*

### TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Xavier Ramón \*\*

\* principal | \*\* copincipal

# REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

## JONATHAN COHEN DIRECTOR E CLAVE

---

Jonathan Cohen ten unha notable carreira como director de orquestra, violoncellista e teclista. Ben coñecido pola súa paixón e compromiso coa música de cámara, Jonathan séntese igualmente cómodo en actividades tan diversas como a ópera barroca e o repertorio sinfónico clásico. É Director Artístico de Arcangelo, Director Musical de Les Violons du Roy, Director Artístico do Festival Tetbury e Socio Artístico da Orquestra de Cámara Saint Paul. A partir da temporada 23-24 será tamén Director Artístico da Handel and Haydn Society.

Na temporada 22-23 Jonathan regresa aos EUA para dirixir a Handel and Haydn Society e a St Paul Chamber Orchestra e os seus proxectos con Les Violons du Roy inclúen *Alcina* de Handel e programas con Carolyn Sampson e Philippe Jaroussky. Dirixirá a Orquestra Sinfónica de Islandia e a Orquestra Barroca de Sevilla, ademais da Real Filharmonía de Galicia esta noite, así como proxectos con Arcangelo, que inclúen *Teodora* de Haendel.

Jonathan fundou Arcangelo en 2010 e con eles realiza proxectos de alta calidade e deseñados expresamente para eles. Xuntos realizaron xiras por salas e festivais excepcionais, incluídos Wigmore Hall London, Philharmonie Berlin, Kölner Philharmonie, Vienna Musikverein, Salzburg Festival e Carnegie Hall New York. Fixeron o seu debut en Proms na Sam Wanamaker Playhouse en 2016 e regresaron en 2018 (*Theodora*) e 2021 (*A Paixón segundo San Mateo*).


Arcangelo ten unha gran demanda no ámbito das gravacións, asociándose con excelentes solistas como Iestyn Davies (o seu disco *Arias para Guadagni* gañou a Categoría de Recital nos Premios Gramophone 2012 e a súa gravación de *Cantatas* de Bach foi a mellor gravación Vocal Barroca nos Gramophone 2017 Awards), Anna Prohaska e Christopher Purves para Hyperion Records. A súa gravación de CPE Bach *Cello Concerti* con Nicolas Altstaedt gañou a categoría de Concerto dos BBC Music Magazine Awards no 2017 e a súa gravación *Buxtehude Trio Sonatas, Op. 1* para Alpha Classics foi nomeada a Mellor interpretación de música de cámara/pequeno conxunto nos premios Grammy de 2018. Gravacións recentes inclúen *Brockes-Passion* de Handel, *Buxtehude Trio Sonatas Op. 2* e outro disco de *Cantatas* de Bach con Iestyn Davies.

O compositor máis representativo do *concerto grosso* —forma musical distintiva do Barroco na que o material musical se alterna entre un solista ou pequeno grupo de solistas protagonistas e o resto da formación, coñecido como *ripieno* ou *tutti*, que representan a música executada polo resto da orquestra— foi Arcangelo Corelli quen, desde o seu posto de primeiro violín e director musical do cardeal Pietro Ottoboni en Roma, tivo clara influencia en compositores como o seu discípulo francés Georg Muffat ou Telemann en Alemaña. O propio Bach toma motivos de Corelli para algunhas das súas fugas e en Inglaterra, o poder da obra corelliana aparece no máis grande compositor barroco, Henry Purcell, especialmente nas súas *Dez sonatas en catro partes*. Tamén foi o seu pupilo, o compositor italiano Francesco Geminiani, quen variou as súas composicións equilibrando as forzas entre solista e acompañamento. O tratamento do *concerto grosso* de Vivaldi, baixo o influxo de Corelli, dista deste porque o primeiro emprega unha estrutura compacta e a idea tripartita que comparte cos concertos solistas. Pola contra, Locatelli ou Haendel seguen o modelo estrutural corelliano nun número variable de movementos, que era o mesmo da sonata.

A principios de 1700, cando os compositores italianos eran coñecidos polas súas óperas, Vivaldi ocupaba unha posición privilexiada como creador de obras orquestrais. As súas viaxes en 1718 axudárono a consolidar a súa reputación como un dos músicos máis destacados da Europa barroca e, nesas primeiras décadas do século XVIII, definiu a forma do concerto con solista, asentando a súa estrutura tripartita (rápido-lento-rápido),

o estilo *ritornello* para os tempos rápidos e deixando arredor de 500 concertos, dos que máis de 200 foron escritos para violín mais tamén para violonchelo, viola de amor, frauta, óboe, fagot e ensembles de instrumentos solistas. Este *Concerto en sol menor* é un concerto *ripieno* que pertence a un grupo de obras nas que, malia os medios reducidos, a expresividade é máxima polo seu carácter contrapuntístico e o seu vigoroso dramatismo. Dramatismo que xa asoma no *Allegro* inicial pois comeza sobre unha liña de baixo que avanza constantemente e algunhas das pasaxes secuenciais presentan certas progresións cromáticas intrigantes. O contrabaixo protagoniza o *Adagio* apoiándose nos tons baixos sostidos nas cordas superiores e o *Allegro* final mantén un ton placidamente serio a medida que avanza a través dun bulicioso *fugato* que presenta figuras apresuradas e secuencias melódicas.

Considerada como o seu testamento musical, Johann Sebastian Bach comezou a escribir *A arte da fuga*, probablemente entre 1738 e 1742, rematando a primeira versión con 12 fugas e 2 canons, en 1746. De 1746 a 1749 prepara a súa publicación agregando 2 fugas e 2 canons, ademais de revisar varios movementos antigos e darlles un novo ordenamento. A impresión completouse en 1751, tras o falecemento de Bach, coa supervisión do seu fillo Carl Philip Emanuel. As 14 fugas e os 4 canons conforman unha peza completamente abstracta sen indicación algunha sobre a formación instrumental requirida, o que supón un reto creativo para o compositor en tanto que amosa



# REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

## TEMPORADA DE ABONO 2022-23

---

todas as posibilidades contrapuntísticas realizables cun sinxelo tema —en termos melódicos e rítmicos— de catro compases que repite e transforma cunha destreza sorprendente. Por iso, moitos estudosos consideran que o compositor ideou *A arte da fuga* con vontade pedagóxica, é dicir, para condensar e exemplificar a teoría do contrapunto que xa fora desenvolvendo en obras anteriores. Bach non concibiu a peza para unha interpretación completa e cíclica polo que se acepta a perspectiva de dar aos intérpretes a liberdade de reordenar os movementos en aras dunha secuencia máis variada e interesante. Os contrapuntos I - IV comprenden a primeira sección importante da obra. Son fugas introdutorias dedicadas a exposicións claramente separadas do tema principal, o fío conductor da arte da fuga expresado polo segundo violín, seguido polo primeiro, o violonchelo e a viola. A segunda gran sección da peza está nos contrapuntos V - VIII, sendo o VII unha fuga con tres categorías rítmicas simultáneas que se superpoñen.

Aínda que parece probable que estudara con Valentini, Pietro Antonio Locatelli foi considerado o sucesor de Corelli malia que o seu estilo compositivo amosa influencias de numerosos compositores, incluído Vivaldi, e outros moitos que puido estudar en Ámsterdam, sendo corrector de probas do editor Le Cene. A música de Locatelli era valorada pola naturalidade dos seus temas e, tamén, como di o musicólogo Charles Burney por presentar “máis sorpresa que pracer”. Publicou os seus *concerti grossi op. 7* en 1741 cando xa abandonara o estrito seguimento corelliano da súa op. 1, amosando unha certa tendencia ao concerto con solista e rexeitando a música programática. O *Concerto núm. 6 op. 7*, “O pranto d’Arianna” chama a atención


polo predominio absoluto do primeiro violín, que asume a voz da desconsolada Ariadna nos seus arroutos de melancolía e furia ata un final apoiado no típico baixo barroco de lamento que fai intuír un aciago final: Baco non chega a tempo para rescatar á heroína. Unha composición con referencias claras á historia clásica de Ariadna e Teseo das *Heroidas* de Ovidio e, ao antigo *Lamento d’Arianna* (1608) de Monteverdi. O subtítulo do concerto ilústrose nas saloucas ondulacións da música que compoñen o *Andante* inicial ao que segue un enérxico *Allegro* que parece rematar de forma incompleta. O violín solista recolle o fío con frases tristes puntuadas por acordes repetidos no resto das cordas; *Andante* e *Allegro* repítense case literalmente en ton menor. No *Largo*, o solista presenta unha melodía suave e triste interrompida preto do fin por breves pausas como salaios afogados. O *Andante Largo* inclúe dúas partes nas que o trío de solistas fanse eco da orquestra completa, pero tamén tocan pasaxes máis longas lembrando os movementos lentos de Corelli. O *Allegro* reflicte os vertixinosos e enérxicos ritmos de Vivaldi, incluíndo unha accidentada pasaxe para as cordas máis baixas. Fiel ao seu subtítulo, o concerto remata cun movemento que na súa maioría é un lamento. Varias pausas interrompen o fluxo musical, dominado pola melodía do violín solista, mantendo o ton menor ata o último acorde que cambia a maior como se o compositor sentira a obriga de ofrecer un breve ‘final feliz’.

Francesco Geminiani foi un gran violinista e alumno de Scarlatti ademais de discípulo de Corelli cuxas *Sonatas para violín e continuo Op. 5* (publicadas en Roma en 1700) foron reconvertidas en *concerto grossi*, entre 1726 e 1727. Segundo o musicólogo David Boyden

comparando estes concertos de profesor e alumno, di que os de Geminiani son “máis sonoros, de harmonía e melodía máis cromática, máis libres en forma e ritmo, máis dramáticos en concepto, máis apaixonados e rapsódicos en expresión e máis difíciles de tocar”. A última das sonatas op. 5 de Corelli é *La Folia*, unha danza de orixe portuguesa provista en esencia dunha melodía e unha estrutura harmónica de oito compases, que serviu para que numerosos compositores como Vivaldi, Carl Philip Emanuel Bach ou Scarlatti, compuxeran variacións sobre ela. Geminiani mantén o estilo do seu mestre e o seu traballo consistiu na creación dunha densa, pero sinxela textura acompañante e como novidade, engade unha viola ao trío solista e unha segunda parte de violín solista, sen alterar a orixinal que ofrece como resultado, por unha parte, unha música xa coñecida e por outra, unha nova, que dialogan.

Moitas das sinfonías de Franz Joseph Haydn presentan características programáticas e relacións extramusicais, aínda que resulta imposible distinguir o seu propósito na maioría delas. Un deses casos son as sinfonías máis destacadas da súa xuventude *Le Midi*, *Le Matin* e *Le Soir* (A mañá, O mediodía e A tarde). Datan de 1761 cando o conde Morzin ofreceu un concerto con pezas do seu mestre de capela Haydn, ao que asistiron nobres tan influíntes como o príncipe Esterházy, gran afeccionado á música, quen, impresionado, ofreceu ao compositor traballar na súa corte. O príncipe mantivo á fronte da música relixiosa a Gregor Joseph Werner, o seu mestre de capela, e nomeou a Haydn vice-mestre responsable da música instrumental e pediulle formar unha orquestra coa que abordar as súas esixentes composicións para que as veladas musicais no seu pazo na

Wallnerstraße, ás que asistía a aristocracia vienesa, tiveran relevancia musical. Haydn recibiu a encomenda de compoñer as sinfonías apenas chegado ao seu novo posto e segundo o seu biógrafo Albert Christoph Dies “o príncipe Esterházy deu a Haydn os catro períodos do día (mañá, mediodía, tarde e noite) como tema compositivo e el escribiunos en forma de cuartetos, que son moi pouco coñecidos”; un relato pouco fiable pola falta da obra sobre a noite pero válido para explicar a orixe do proxecto. A triloxía foi un logro persoal para o compositor, pois aos 29 anos foi quen de convencer á familia Esterházy que era un dos mellores músicos de Europa e de demostrar ao príncipe a calidade da orquestra escribindo sinfonías actualizadas homenaxeando a música de Corelli e Vivaldi. Desconcerta a escasa relación que parece existir entre os títulos e o contido destas sinfonías e, algúns estudosos suxiren que poderían referirse ao momento do día en que foron interpretadas. *Le Matin*, comeza cunha introdución lenta para, de inmediato, seguir cun crescendo orquestral evocador do abrente matinal, parece o único momento desa relación entre o nome e o sentido da peza. Segundo Richard Wigmore, o tempo lento é como “un momento cómico dunha clase de música, o violín solista mostra aos seus incompetentes ‘alumnos’ como tocar unha simple escala ascendente, continúa cun dúo galante para violín e violonchelo, e remata cun discurso solemne que podería ter vido directamente dun *concerto grosso* de Corelli”. O vivaz *Allegro* que remata a sinfonía presenta arranques virtuosos da frauta, o violonchelo, os cornos e, particularmente, o violín.



# PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 2 febreiro 2023

Auditorio de Galicia, 11:00 h

Venres 3 febreiro 2023

CONCERTOS DIDÁCTICOS

Auditorio de Galicia, 11:00 h

Sábado 4 febreiro 2023

CONCERTO FAMILIAR

Auditorio de Galicia, 18:30 h

Xoves 9 febreiro 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

## ILUMINACIONES

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

María Hinojosa Montenegro, soprano

- Benjamin Britten: Les illuminations op. 18
- Gustav Mahler: Sinfonía núm 4 en Sol maior

## XOGO DE ESPELLOS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Javier Otero, composicións, piano e electrónica

Rubén Iglesias, baixo, electrónica e sintetizadores



# C

Compostela  
Cultura

### AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

### DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)  
T 981 542 462 Zona C

### OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)  
[www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal)



RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCultura



@rfgalicia  
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia  
@compostelacultura



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

